


# Lectura dun conto



C.E.I.P. Sada e contornos

Biblioteca escolar



*Seminario permanente  
de animación á lectura*  
C.E.I.P. Sada e contornos.  
Curso 1999-2000

C.E.I.P. Sada e contornos

## Pautas para sacalo máximo aproveitamento da lectura dun conto

É importantísimo contarlles contos ós nenos e nenas, lerlles. É preciso que o momento da lectura non se convirta, para a persoa que o fai, nunha obriga ou que se faga con desgana, eso o neno aprecia. Faga da lectura un momento agradable.




-Aproveite un momento tranquilo da xornada (acostuma ser ó deita-lo neno ou nena na cama).

-Non teña presa.

-Expresa as ganas que ten de lerlle o conto, faga unha festa dese momento.

-Deixe que o neno escolla o conto que quere que lle lea.



-Se o conto é novo, comence por ensinarlle a portada e fágalle preguntas sobre o que se ve nela: que lle parece o personaxe ou debuxo que sae nel, propóñalle que o describa, ...

-Lealle o título e respóndalle ás preguntas que o neno lle faga relacionadas con este.

-Ensinelle as ilustracións interiores e deixe que exprese o que vai vendo, facéndolle preguntas tales como: ¿que pensas que vai pasar? ¿por que fai eso o protagonista? ...

-Permita que o neno chegue as súas propias conclusións, non lle adiante a historia, deixe que faga as súas propias hipótesis sobre a trama do conto.



-Chegou o momento da lectura. Fágao con voz clara e firme. Procure esaxerar as interrogacións (preguntas) e as exclamacións (sorpresa, dor e calquera estado de ánimo).

-Escoite todo o que o neno ou nena exprese tra-la lectura do texto. Contéstella ás preguntas que lle faga sobre as palabras que non coñece ou dadas que teña.

-Axúdelle a buscar relacións con outros contos ou historias que xa coñeza, con cousas ou momentos da súa vida diaria.

-Valore as cousas boas que suceden na historia.

-Non se extraña se o neno ou nena lle pide a lectura reiterada do mesmo conto, na medida que o coñece síntese máis identificado con el.

